

Desenvolve unha composición sobre a evolución política do Sexenio Democrático partindo dos seguintes asuntos concretos que ilustran os documentos que xuntamos. Lembra que non se trata de facer un comentario individualizado de cada documento senón de utilizalos como proba na argumentación que elabores.

1. A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869: causas e actores deste proceso revolucionario ata chegar á formación dun Goberno Provisional.
2. Os problemas que abordou o goberno de Serrano.
3. A Primeira República: proxecto de constitución federal, cantonalismo e cambios realizados nun ano convulso.
4. Define os termos: cantonalismo e federalismo

Doc. 1. Pacto de Ostende (16 de agosto 1866)

1º Destruír o existente nas altas esferas do poder; 2º Nomeamento dunha asemblea constituínte, baixo a dirección dun Goberno provisorio, a cal decidirá a sorte do país, cuxa soberanía será a lei, sendo elixida por sufraxio universal directo.

Doc. 2. Manifesto do pronunciamento militar de Prim, Serrano e Topete (setembro de 1868)

Españóis: A cidade de Cádiz posta en armas, con toda a súa provincia, coa Armada ancorada no seu porto (...), declara solemnemente que nega a súa obediencia ao goberno de Madrid (...) resolta a non depoñer as armas ata que a nación recobre a súa soberanía, manifieste a súa vontade e se cumpra (...). Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), morto o municipio, pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), tiranizado o ensino, muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política (...)

Doc. 3.- Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...):

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para tódolos fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan tódolos poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”.